

Nunha carta dirixida á Conselleira, profesionais, supervisoras/as e xefas/es de servizo das áreas de Esterilización e Medicina Preventiva dos hospitais públicos do SERGAS exíxenlle que dea marcha atrás no proceso privatizador deste servizo, con argumentos que así o secundan. Reproducimos a carta, da que se fixeron eco varios medios de comunicación, aquí debaixo:

Cara aberta á Conselleira de Sanidade:

SOBRE A PRIVATIZACIÓN DA XESTIÓN DAS ACTIVIDADES DE ESTERILIZACIÓN DO SERGAS

O Diario Oficial da Unión Europea publicou, o 2 de xaneiro de 2014, o inicio do proceso de privatización da xestión do material estéril dos hospitais do SERGAS (<http://ted.europa.eu/udl?uri=TED> :NOTICE:601-2014:TEXT:ES:HTML&tabId=1). Diante deste feito queremos facerlle chegar as seguintes reflexións:

1. O persoal facultativo dos Servizos de Medicina Preventiva, e as enfermeiras/os supervisores das Centrais, somos as/os profesionais responsábeis da actividade das centrais de esterilización dos hospitais do SERGAS e, en boa medida, os principais depositarios da experiencia e do coñecemento científico acumulado sobre esterilización de material sanitario que existe na sanidade pública galega.

2. Nos últimos anos, na maioría dos hospitais do SERGAS téñense dado importantes pasos adiante na mellora da xestión e da calidade das nosas centrais. Esas melloras permitiron, entre outros logros, importantes avances en garantir a trazabilidade do material estéril, e en reducir o número de avarías dos esterilizadores. Nestes anos, téñense avanzado moito na informatización das centrais, na formación do persoal que traballa nelas, e no establecemento de sistemas de calidade, en xeral relacionados coa ISO 9001. Na actualidade pode afirmarse que as Unidades de Esterilización dos hospitais públicos galegos teñen unha elevada efectividade e eficiencia, tendo demostrado tamén sobradamente a súa versatilidade e capacidade de adaptarse aos cambios tecnolóxicos e as novas necesidades asistenciais dos nosos hospitais e do conxunto dos sistema sanitario asistencial público galego.

